



Convenio o Acordo: CASA NTRA. SRA. DE FÁTIMA Y CRISTO REY, ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA

Expediente: 36/11/0045/2023

Data: 07/03/2023

Asunto: COMUNICACIÓN DE INSCRIPCIÓN (SEN PUBLICACIÓN)

Destinatario: SUSANA MARIA BARRERAS VISO

Código de Convenio número 36102732112023.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do acordo sobre o plan de igualdade para o persoal da empresa **CASA NTRA. SRA. DE FÁTIMA Y CRISTO REY, ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA**, suscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa, e da parte social polos representantes elixidos polos traballadores da empresa como membros da comisión negociadora, en data 2 de febreiro de 2023

FEITOS

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Pontevedra, con sede en Vigo en data **22 de febreiro de 2023**.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- O artigo 2.1f) do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos

Código DIR3: A12017394

colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

RESOLVE

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e inscrición sen publicidade no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Ordenar a notificación desta RESOLUCIÓN á mesa negociadora do Plan de Igualdade , facéndolle saber do seu dereito de interpoñer contra ela recuso de alzada ante a Directora xeral de Relacións Laborais e por conduto desta xefatura territorial, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa notificación legal, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

....

Xefa Territorial,
MARTA MARIÑO REGUEIRO

*FIRMADO POR: MARTA MARIÑO REGUEIRO
AC FNMT Usuarios
Firma Válida*

Código DIR3: A12017394